

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

## **Acta da sesión ordinaria do pleno nº 06/16**

**Data 16-06-2016**

***Acta anterior 10-06-2016***

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Asistentes:

Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D<sup>a</sup>. María del Carmen Torreiro Cotos

D. Jesús Gómez García

D<sup>a</sup> Manuela García Freire

D. José Antonio Cotos Seoane

-D<sup>a</sup>. Marta García Sánchez

D. José Emilio Mahía Neira

Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

## Acta pleno 06/2016

### Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día dezaseis de xuño de dous mil dezaseis.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e seis minutos do día dezaseis de xuño de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, reúnese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Hai 2 cidadáns presentes en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

#### **1.- Aprobación de actas anteriores (00' 10")**

O alcalde relaciona que actas e cando foron remitidas e cales son as que corresponde aprobar. Son as 02/16, 03/16 e 04/16.

Toma a palabra a portavoz do BNG Manuela García Freire para indicar que non ten nada que dicir.

O alcalde pregunta ao concelleiro do BNG José A. Cotos Seoane se ten algo que dicir e este di que non.

A continuación o alcalde indica que no pleno 02/16 o concelleiro José A. Cotos Seoane dixera que na sesión anterior quería (e le o borrador da acta) *“corrixir a acta para que constara que no punto do cemiterio o alcalde dixo que quería falar con el, nun ton intimidatorio. O alcalde interrómpeo para aclarar o uso da palabra intimidatorio, que é reiterada por José A. Cotos Seoane, que quere que se transcriba o que se dixo, contestando o alcalde que non se vai poñer nada de intimidatorio, pois en ningún momento actuou desa forma. A continuación pide a intervención do secretario quen indica que non atopou na gravación o que pide José A. Cotos Seoane, propoñendo que se escoite a gravación conxuntamente para reproducir literalmente o sucedido, se así o considera a corporación.*

*Logo dun breve debate o alcalde asume a proposta do secretario quedándose en escoitar a gravación para resolver no seu caso.”*

Continúa dicindo que lle houbera gustado que cando lle preguntou ao Sr. Cotos se tiña algo que dicir tivera dito que, revisada a gravación co secretario, non atopara a frase intimidatoria. A continuación pregunta ao secretario que pasou, insistindo en que conteste o secretario pois debe

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

quedar resolto hoxe para aprobar a acta. O secretario contesta que, revisada a acta, o concelleiro Cotos Seoane non me dixo ningún parágrafo literal e concreto que transcribir. O alcalde quere que quede constancia disto.

A portavoz do BNG Manuela García Freire indica que o ton intimidatorio ou non é algo subxectivo.

O concelleiro do BNG Cotos Seoane indica que atopar o parágrafo concreto leva tempo, que estivera perto dunha hora co secretario e non atopamos as palabras que ti dixeches, pero ti dixechas e atopareinas.

O alcalde insiste en que queda claro que na gravación que se estivo escoitando non apareceu o ton intimidatorio, iniciándose un debate forte sobre o sentido da “intimidación”. Manuela García Freire indica que é un tono de voz, que o que non apareceu foi unha frase concreta, pero que o alcalde usa tons intimidatorios, contestando o alcalde aproveitando a portavoz do BNG para dicir que nese momento estaba usando un ton intimidatorio e que o que usa normalmente, contestando o alcalde que quere que quede claro o que está dicindo a portavoz do BNG Manuela García Freire, producíndose un forte debate.

Intervén Cotos Seoane para dicir que vai atopar o que dixo o alcalde, contestando este que quere que quede claro que en ningún momento o alcalde usou un tono intimidatorio contra ningún concelleiro e que se eles se senten así é o seu problema, contestando a portavoz do BNG que si, que quede claro que eles se senten así, producíndose un forte debate con interrupcións mutuas.

Non habendo máis intervencións apróbanse as actas mencionadas sen ningún reparo á súa redacción nin contido.

## **2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local.** (07' 58")

O alcalde informa das actas que se remitiron dende a última sesión, que foron as comprendidas entre a 7/16 e a 10/16, e as datas en que se fixo.

Non hai máis intervencións neste punto.

## **3.- Inicio de expediente de contratación da Xestión do centro de agricultura ecolóxica de Vilasantar e aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas .** (08' 27")

A continuación dáse conta da proposta de alcaldía de Inicio de expediente de contratación da Xestión do centro de agricultura ecolóxica de Vilasantar e aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e máis do informe do secretario e do interventor que ían unidas á convocatoria.

A portavoz do BNG Manuela García Freire quere prantrexar unha cuestión de orde, indicando o alcalde que previamente vaille dar a palabra ao secretario para que explique o que pasou coa documentación, interrompéndolle de novo a portavoz do BNG para prantrexar unha “cuestión de orde” consistente en que eles non tiveron a documentación en prazo e que non se lles avisou dos erros na documentación, enteirándose cando viñeron ver a documentación.

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

Finalmente toma a palabra o secretario do concello quen explica que a elaboración do documento definitivo das cláusulas administrativas realizouse a partir do borrador previo en dous días distintos, quedando gravados no ordenador os dous. Á hora de enviar a documentación ao pleno, tomou por erro o que quedara gardado a medias non o definitivo. As diferencias están nas cláusulas 20 e 22 (composición da mesa de contratación e criterios de valoración). Deste erro decatouse hoxe mesmo á mañá, poñéndoo en coñecemento do alcalde.

O alcalde indica que el estaba a traballar co mesmo documento erróneo. Que vinte minutos antes de chegar a portavoz do BNG el xa tiña fotocopiados os documentos correctos para facer a entrega dos mesmos, o cal se fixo en canto chegou e son os que xa teñen todos os concelleiros. Entón chegou a portavoz do BNG e xa llo entregamos.

Engade que, no caso de que a oposición non estea de acordo con estudar este punto di que o entendería e quedaría sobre a mesa.

A portavoz do BNG di que non é primeira vez que pasa e que o que piden é que se lles informe en canto se teña constancia do erro.

Tras un breve debate a portavoz do BNG maniféstase de acordo con continuar o estudo deste punto.

A continuación, sendo as (13' 52") o alcalde do concello expón a proposta da alcaldía, partindo a estes efectos do estudo viabilidade, para demostrar a súa necesidade e viabilidade, e coa pretensión de pór en valor os recursos propios cos que conta e procurar que a súa activación axude a dinamizar a economía e o medio rural local, tan necesitado de accións urxentes para a súa recuperación.

A actividade desenvolveríase mediante a realización dun Programa de Actividades de carácter anual que incluírá especificamente, como mínimo, os seguintes epígrafes de actividades produtivas, formativas e de lecer:

Programa anual de produción en agricultura ecolóxica  
Programa anual de produción en gandería ecolóxica  
Programa anual de formación en agricultura ecolóxica  
Programa anual de formación en gandería ecolóxica  
Programa anual de formación en transformación de materias primas ecolóxicas  
Oficina de asesoramento en agricultura ecolóxica  
Programa anual de visitas educativas e de lecer

Este Programa de Actividades de carácter anual baséase nas potencialidades coas que xa se conta nun primeiro momento nas parcelas e infraestruturas existentes no Centro e trata de optimizar todos os recursos propios locais e as fortalezas existentes no Centro, fomentando o carácter multidisciplinar das actividades a desenvolver e aproveitando as sinerxías entre os diferentes programas previstos.

A entidade adxudicataria poderá, cumprindo o programa mínimo esixido, apostar máis firmemente por algún dos ámbitos de negocio que resultan posibles dentro do contexto do Centro.

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Hai que dicir que este centro xa conta cun punto de partida excepcionalmente positivo para o desempeño das actividades anuais previstas. Os terreos e as infraestruturas existentes permiten a posta en marcha da meirande parte das iniciativas desde o mesmo comezo da actividade, favorecendo a viabilización do Centro. Así, a produción de horta e a gandeira poden comezar nun período breve de tempo, o mesmo que os cursos formativos e as actividades educativas e de lecer. Para o éxito do Centro será relevante a difusión do mesmo, así e como a entrada nos circuitos de comercialización e de venda dos produtos. A localización do Centro nun entorno próximo a grandes cidades e a núcleos de poboación relevantes permite contar con potencialidades na venda e nas actividades educativas. Ademais a proximidade ao Camiño de Santiago posibilita incluso que o albergue sexa utilizado polos peregrinos.

Hai un estudo de viabilidade que demostra que a partir do primeiro ano dá ganancias. En definitiva, as ferramentas de que dispón o Centro de Agricultura permítenlle ser viábel economicamente e converterse nun punto de referencia en Agricultura ecolóxica.

O contrato que se propón é o de xestión integral do Centro e realizaríase a través da modalidade de concesión demanial do uso privativo das instalacións municipais do Centro de agricultura ecolóxica de Vilasantar mediante un procedemento aberto por concurso de acordo cos pregos que se aproben.

A continuación (20' 00") vai indicando o clausulado que lle parece máis relevante das cláusulas administrativas (requisitos, dereitos, deberes, documentación a presentar, prazo de concesión, rescate, canon fixo de 3.000,00 euros/ano e outro variábel etc).

En canto á mesa de contratación propónse que estea formada por empregados municipais, segundo se mencionan na cláusula 20. Vai haber un equipo que vai valorar todas as propostas e que estará formada polas persoas que tamén se relacionan na cláusula 20 e que son:

- Sofía Agrafojo Rey, Vicesecretaria da asociación galega de profesionais en desenvolvemento local.
- Juan Carlos Carreja Iglesias, Axente de desenvolvemento local do concello de Ames.
- José Antonio Fernández Álvarez, Presidente do consello regulador de agricultura ecolóxica de Galicia (Craega).
- María José Fernández Varela, Coordinadora do equipo redactor da estratexia de desenvolvemento rural do GDR 23.

Na elaboración desta proposta de licitación tamén contamos co apoio da Universidade de Vigo.

Fala finalmente de que se valorará presenza de traballadores discapacitados e tamén de traballadores de Vilasantar ou de mulleres, de que haberá un seguimento estrito do cumprimento do contrato e de que considera que o proceso debe ser levado adiante polo pleno dada a súa importancia para este concello.

A continuación (30'58") toma a palabra a portavoz do BNG, Manuela García Freire quen indica que entre a documentación non aparece a relación de fincas e pregunta como encaixa o dos asesores na contratación.

A continuación, o alcalde pide ao secretario que explique a relación entre a mesa de contratación e

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

os asesores.

O secretario explica que a composición da mesa de contratación na administración local está regulada na disposición adicional segunda da lei de contratos, onde se establece que teñen que ser membros da corporación e sendo vogal obrigatorio o secretario interventor, cunha función en certo sentido de dirección do proceso. Para a valoración dos méritos pódese crear un comité de asesoramento ou un equipo de expertos que poden ser ou non membros da corporación.

A portavoz do BNG pregunta se esa comisión vai ser pública, contestando o alcalde que si, que está fixada nos pregos, que son públicos (na cláusula 20).

A continuación o alcalde comenta que na páxina 6 dos pregos de condicións técnicas figura unha parcela inscritas dentro do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) cunha superficie de 21.529 m<sup>2</sup>, cun perímetro de 527 metros, tres invernadoiros cunha extensión de 674 m<sup>2</sup>, e un galiñeiro en bo estado de 112,5 m<sup>2</sup> unha planta para a compostaxe, un pozo con auga e un almacén, interrompe Manuela García Freire, indicando que tampouco lle chegara esa documentación, aclarando o alcalde que son uns datos que faltaban nos técnicos, aínda que os datos estaban noutras partes. A maiores hai dúas parcelas que están en aluguer que terán que negociar os licitadores, se lles interesa, cos seus propietarios. O que entra na licitación son os 21.529 m<sup>2</sup>.

A portavoz do BNG comenta que na documentación non aparece o albergue en ningún dos pregos, tan só se define como un edificio con capacidade para 24 persoas, pero non se fala de actividades nin de albergue. Contesta o alcalde que son os licitadores os que terán que definir o que queren facer co albergue.

A continuación pregunta Manuela García Freire polo laboratorio, que di que tamén falta e en cambio si se fala, comentando o alcalde que si figura co material e contestando Manuela García Freire que só aparece o material e que mesmo ao falarse do mantemento do centro tampouco se nomea o laboratorio, cando é moi importante, contestando o alcalde que di que faltan os laboratorios e por iso mandou un anexo, contestando Manuela García Freire que do laboratorio non se fala do mesmo xeito que se fala do galiñeiro ou dos equipos de informática. O alcalde contesta que volverán a miralo e que por suposto ten que ir na licitación e senón está ben hai que introduciilo.

Manuela García Freire di a continuación que non se fala dos prezos que se van cobrar polo asesoramento, contestando o alcalde que iso correspóndelle fixalo aos licitadores, considerando a portavoz do BNG que hai si que se podería pedir que se puxesen prezos especiais, que considera moi importante esa oficina e os seus prezos.

Continúa Manuela García Freire que na páxina 13 fálase de control de individuos e colectivos que accedan ao centro, encontrando problemas de que afecte a Lei de protección de datos, contestando o alcalde que é só para saber canta xente entra, non os seus nomes nin outros datos persoais.

Continúa Manuela García Freire (46'26") preguntando por que o concello non pon un mínimo na parte variábel, comentando que vaise ceder a escola por 3.000,00 euros ao ano.

O alcalde contesta que no momento en que haxa un beneficio superior ao 6% esa cantidade vai

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

augmentar no canon variábel. Iníciase unha discusión pois Manuela aduce que a escola leva catro anos dando perdas ao concello e despois de informes e de estudos de viabilidade vaise ceder por esa cantidade cando anteriormente eran 18.000,00 euros, mencionando o alcalde a ilegalidade que cometeu o BNG coa última adxudicación, contestando a portavoz do BNG que se houbo unha ilegalidade que denunciase e di que quere que conste na acta que o Consello consultivo é tan só consultivo e fíxo o informe en base á documentación que se lle remitiu. Considera que foron catro anos perdidos porque se volve a 3.000,00 euros.

A continuación comenta o estudo de viabilidade do que se deduce que cando menos durante tres anos non se empezaría a cobrar o canon variábel, iniciándose unha discusión sobre o que quere dicir o informe de viabilidade.

Seguidamente a portavoz do BNG Manuela García Freire di que coa maioría do prego de condicións están de acordo e, en concreto, hai unha cláusula que lles parece ben pero que dubidan da súa legalidade, e é a de valorar ao empadramento dos traballadores de Vilasantar o que produce un debate, indicando o alcalde que se acordara non poñelo, ante o informe do secretario, non debería de estar e se está é porque non se quitou por erro. Acórdase comprobar que non estea na redacción definitiva, adaptando os pregos no necesario para facelo.

Transcorridos (55'00") minutos Manuela García Freire resume que o seu grupo estivo mirando e comentando o proceso e que queremos a licitación e que lle parece maioritariamente ben e que queren que a escola empece xa a traballar. O alcalde remata as intervencións dicindo que a escola vana poder seguir usando o concello e os veciños sempre que non interfiran na actividade da concesionaria e espero que veña moitos licitadores pois queremos que sexa un centro de referencia na agricultura ecolóxica, por iso, tamén, non puxemos o canon moi alto.

Transcorridos (57'08") procédese á votación do “Inicio de expediente de contratación da Xestión do centro de agricultura ecolóxica de Vilasantar e aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas”, nas que se deben aclarar as descrições e tamaños da finca na páxina 6 das prescricións técnicas, segundo quedou dito, e tamén que nese prego de prescricións técnicas particulares o inventario e máis o laboratorio queden como anexo e non empezar por aí, e máis comprobarse a non valoración do empadramento no concello de Vilasantar. O secretario informa que na votación hase de saber exactamente o que se esta votando.

O resultado da votación é de aprobación do “Inicio de expediente de contratación da Xestión do centro de agricultura ecolóxica de Vilasantar e aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas” por unanimidade dos nove concelleiros asistentes.

## **4.- Acordo formal de cambio de dominio de “Vilasantar.com” por “Vilasantar.gal”** (1h.00' 37")

A continuación o alcalde explica que a creación da Sede electrónica deste concello requiriu acordo plenario, dándosele á Sede a denominación de “Vilasantar.com”. Recentemente autorizouse o uso do “.gal”, acordándose por este concello ir adoptando esa denominación. Por esa razón xa actualmente á Sede accédese dende “Vilasantar. gal”. A proposta da alcaldía e que a denominación

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

oficial da Sede sexa, a partir deste momento, “Vilasantar.gal”.

Transcorridos (1h01'52'') procédese á votación, resultando aprobado por unanimidade dos nove concelleiros asistentes o Acordo formal de cambio de dominio de “Vilasantar.com” por “Vilasantar.gal”

## **5.- Mocións (1h.02' 00'')**

Non hai presentada ningunha moción.

## **6.- Rogos e Preguntas (1h.02' 00'')**

### **A/ Preguntas presentadas por escrito**

Non hai preguntas presentadas por escrito.

### **B/ Rogos e Preguntas realizadas directamente no pleno (1h.02' 11'')**

#### **A/ Baches na pista entre Guillareo e Mourengos (1h.02' 11'')**

A portavoz do BNG Manuela García Freire roga que se amañe un bache tremendo que hai na pista entre Guillareo e Mourengos canto antes, contestando o alcalde que neste momento non sabe se aínda está en garantía, que o vai comprobar e que, en calquera caso, haberá que amañalo.

#### **B/ Peche do depósito de San Vincenzo (1h. 03' 19'')**

A portavoz do BNG Manuela García Freire pregunta pola situación do peche do depósito de auga de San Vincenzo, pregunta que xa fixeron no pleno do 14 de abril.

O sr alcalde contesta que van sacalo cando se faga a obra de captación desa auga, que esperamos que se adxudique neste mes de xuño para facer a obra no verán. Despois faremos a rede de distribución, que levaremos a auga a todas e cada unha das casas de San Vincenzo. Á empresa que saia adxudicataria do depósito ímoslle pedir un orzamento para amañar o do peche.

Manuela García Freire pregunta por que o concello, pois se houbo unha responsabilidade da empresa, teríao que refacelo ela e non térselle devolto o aval, habería que pedir responsabilidade á empresa ou ao director da obra ou ao redactor do proxecto, pero non facerse o concello responsábel.

O alcalde contesta que o que van pedir á empresa é un orzamento. A portavoz do BNG pregunta por que non se lle piden responsabilidades a quen as ten, iniciándose unha discusión sobre a realización de varias obras, rematando o alcalde que di que quede claro que imos colocar o peche coas distancias regulamentarias e Manuela García Freire que non é iso o que estou dicindo e o alcalde acusándoa de usar un tono intimidatorio, contestando Manuela García Freire que a súa pregunta é por que non se esixen responsabilidades á empresa, ao redactor do proxecto e ao director da obra, e que o concello asuma eses gastos é unha irregularidade e que dicir isto non é ningunha intimidación.



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

O alcalde contesta que hai que amañalo porque incumpre a distancia por 15 cm, e que xa mirará quen o ten que amañar.

## C/ Estudio lumínico (1h. 09' 40")

A portavoz do BNG Manuela García Freire di que no mes de febreiro o alcalde dixo que se ía pedir un informe lumínico sobre as farolas de Présaras, preguntando polos seus resultados, contestando o alcalde que fixo un estudo a empresa Afigal pero que neste momento non sabe ben o seu resultado e que lle responderá no seguinte pleno. Manuela García Freire di que o que se acordara no pleno fora que o estudo faríao a empresa de mantemento do concello, o que lle estraña ao alcalde, quedándose en comprobalo nas actas

## D/ Redacción externa de proxectos (1h. 11' 37")

A portavoz do BNG Manuela García Freire pregunta por que determinados proxectos de obras se redactan por persoal externo, contestando o alcalde que esa situación xa se daba cando gobernaba o anterior goberno do BNG, contestando á súa vez Manuela García Freire que non é así, que agora tamén se están redactando por persoal externo proxectos de camiños, iniciándose un debate sobre as competencias do técnico do concello e se cada vez ten menos competencias para facer proxectos.

## E/ Plan Económico Financeiro (1h. 12' 58")

A portavoz do BNG Manuela García Freire pregunta se o Plan económico financeiro era para 2015 e 2016 ou se xa está rematado. Entende que había cousas que facer para este ano.

Contesta, por orde do alcalde, o secretario que non había que reducir o orzamento senón que quedaría reducido coas medias propostas conseguíndose así a estabilidade orzamentaria. Na liquidación do orzamento xa se conseguiu a estabilidade orzamentaria polo que, na documentación remitida ao Minhap e máis á Xunta xa demos o plan por rematado.

A continuación Manuela García Freire pregunta cando se aprobarán os orzamentos, contestando o alcalde que estaba previsto traelos para este pleno pero non dou tempo.

## F/ Servizo de madrugadores (1h. 15' 55")

A concelleira do BNG Marta García Sánchez pregunta se se vai seguir mantendo o servizo de madrugadores, contestando o alcalde que o servizo de madrugadores foi unha aposta do equipo de goberno e que dende o concello constatamos que hai poucos nenos que fagan uso do mesmo pero que si, que se vai seguir mantendo. Marta García Sánchez informa de que de 3 a 5 anos hai 11 nenos sen actividades, contestando o alcalde que se vai facer o Alex Bergantiños e que para agosto hai programadas actividades para nenos de 3 a 5 anos.

## G/ Mantemento de parques infantís (1h. 17' 43")

A concelleira do BNG Marta García Sánchez pregunta polo mantemento dos parques infantís, que

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

considera deficiente, contestando o alcalde que é certo e que hoxe mesmo están traballando

## H/ Casa cuna (1h. 18' 09")

A concelleira do BNG Marta García Sánchez pregunta se se vai facer unha casa cuna, pois escoitou algo de que se ía facer, contestando o alcalde que non sabe nada e que por rexistro de entrada non hai nada e que nin a el nin aos seus concelleiros lle preguntaron nada sobre iso, que o consideraría importante como para sabelo.

## I/ Subvención AAVV (1h. 20' 55")

O concelleiro do BNG José A. Cotos Seoane pregunta por que hai diferencias na contía económica das subvencións que reciben as AAVV., contestando o alcalde que pagamos hai uns meses as do ano anterior e debemos as deste. A contía basease nas actividades que realiza cada unha e a partir de aí repartimos.

## J/ Expediente disciplinario ao aparelador municipal (1h. 23' 33")

A portavoz do BNG Manuela García Freire pregunta pola situación en que está o expediente disciplinario ao aparelador municipal deste concello, indicando que xa fixo esa pregunta no pleno do 11 de febreiro e que aínda non ten resposta.

O alcalde contesta que se remitiu unha carta ao xulgado da que aínda non veu resposta, aínda que creo que o tema xa está zanzado pola xuíza. Sería mellor que as preguntas viñeran por escrito para ter preparada a resposta.

Manuela García Freire di que entón haberá que reabrir o expediente, contestando o alcalde que haberá que miralo, agora non sei o que faremos.

## K/ Proxecto das beirarrúas (1h. 26' 30")

O concelleiro do BNG José A. Cotos Seoane pregunta polo Proxecto das beirarrúas contestando o alcalde que aínda non nolo deron, que non o redacta, nin tampouco executa a obra, este concello e que mañá vaime chamar o director da obra para dicir se mo pode dar. Manuela García Freire, portavoz do BNG, di que o alcalde dixera que tiñan un proxecto no concello, contestando o alcalde que si, que tiñan un, pero que llo remitimos á deputación polas luminarias. Mañá cando saiba algo máis poreime en contacto coa portavoz do BNG.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levantou a sesión sendo as catorce horas e trinta e tres minutos (duración de 1h. 27' 43"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.  
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.